

## **DOMINGO 13 ORDINARIO CICLO A**

PRIMEIRA 2 Re 4, 8-11. 14-16a

**Ese home de Deus é un santo varón; que permaneza alí**

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO SEGUNDO DOS REIS**

Un día que pasaba Eliseo por Xunam, unha muller rica porfioulle que quedase a xantar. Desde aquela, cada vez que pasaba por alí, detíñase a comer. A muller díxolle ao seu home:

- "Escoita, eu sei que ese home de Deus, que pasa sempre por aquí, é un santo varón. Podíámoslle preparar arriba no faiado un cuarto pequeno, cunha cama, unha mesa, unha cadeira e un candeeiro, para que poida descansar, cando pase por onda nós".

Un día que Eliseo pasaba por alí, retirouse ao cuarto e durmiu nel. Pero Eliseo insistiu:

- "Que se pode facer por ela?".

Guehazí dixo:

- "Unha cousa: ela non ten fillos, e o seu home é vello".

Entón dixo Eliseo:

- "Chama por ela".

El chamouna, e ela presentouse onda a porta. Eliseo anuncioulle:

- "O ano que vén, por estas datas, terás un fillo no colo".

SALMO RESPONSORIAL Sal 88, 2-3. 16-17. 18-19

**R/ (2a): Quero cantar por sempre o amor do Señor**

Quero cantar por sempre o amor do Señor,  
pregoar polas xeracións a súa fidelidade:

- "Penso que o teu amor está fundado co mundo,  
a túa fidelidade asentada cos ceos".

Feliz o pobo que sabe aclamarte  
e camiñar, Señor, na luz da túa presenza.  
O teu nome fai a súa ledicia o día enteiro,  
a túa xustiza é a súa gloria.

Ti es, en verdade, a súa gloria e a súa forza,  
polo teu favor erguemos nós a testa.

O Señor é o noso escudo,  
o santo de Israel o noso rei.

SEGUNDA Rm 6, 3-4. 8-11

**Sepultados con el polo bautismo, andemos en vida nova**

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Ignorades que a cantos nos bautizaron para Cristo Xesús, bautizáronos para unirmos á morte del? Enterrámonos, logo, con el polo bautismo para a morte, para que, como Cristo foi resucitado dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova. Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El; e ben sabemos que Cristo, resucitando dos mortos, xa non morre máis, a morte xa non pode nada contra El. Porque o seu morrer foi un morrer ao pecado para sempre, mais o seu vivir é un vivir para Deus. Así tamén, vós considerádevos mortos ao pecado, pero vivos para Deus en Cristo Xesús.

ALELUIA 1 Pe 2,9:

Vós sodes raza elixida, sacerdocio real, pobo santo;  
proclamade a grandeza daquel que vos chamou das tebras  
para participardes na súa admirable luz

### **DOMINGO 13 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 10, 37-42

**Quen non acepta a cruz non é digno de min.**

**Quen vos recibe a vós, recíbeme tamén a min**

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela dilles Xesús aos seus apóstolos:

- Quen ama a seu pai ou a súa nai máis que a min, non é digno de min. E quen ame a seu fillo ou a súa filla máis que a min non é digno de min. E quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min. Quen trate de conservar a vida, perderaa; pero quen a perda por min, ese conservaraa.

Quen vos recibe a vós, recíbeme a min; e quen me recibe a min, recibe ao que me mandou. Quen recibe a un profeta por ser profeta, terá recompensa de profeta; quen recibe a un xusto por ser xusto, terá recompensa de xusto. E quen dea de beber a un destes pequenos, anque soamente sexa un vaso de auga fresca, por ser discípulo meu, asegúrovos que non perderá a súa recompensa.